## 2.- ENGADIR UN FICHEIRO

O profesor pode proporcionar un ficheiro como un recurso do curso. Cando sexa posíbel, o ficheiro presentarase dentro da interface do curso; se non é o caso, preguntaráselle aos alumnos se queren descargalo.

Para engadir un ficheiro no curso, haberá que seguir os seguintes pasos:

1. Activar o **modo edición**
2. No tema que se desexe, pulsar sobre o enlace "**Engadir unha actividade ou un recurso**"
3. Seleccionar a opción "**Ficheiro**"
4. Pulsar o botón "**Engadir**"

Cando engadimos un ficheiro ao curso (igual que pasa con outro tipo de recursos) debemos configurar algúns aspectos como o "**nome**" co que queremos mostrar este ficheiro e unha pequena "**descrición**" do mesmo.

